Durante este curso as familias poden acollerse ao servizo de garda por conciliación familiar do alumnado usuario de comedor da 1ª quenda. Esta garda realizarase no pavillón do centro en horario de 14:30h a 15:30h e serán parte das colaboradoras do comedor escolar as que custodien a este alumnado máis unha responsable do Equipo Directivo.

INDICACIÓNS SAÍDA DE ALUMNADO AO REMATE DAS CLASES (14:25h)

CONSIDERACIÓNS PREVIAS:

- Sairemos das clases, a partir das 14:20h, en orde descendente: comezando polos nenos/as de 6º E.P ata 1º E.P.
- O mestre/a que teña garda no interior do pavillón deberá colocar os conos/cintas que dividen as 18 cuadrículas para poder realizar a garda.



Temos dous grupos diferenciados:

a) Alumnado de 1º e 2º Ed. Primaria

1º. Os titores ou especialistas que estean en clase na última sesión porán en fila (dentro da aula) aos nenos/as seguindo esta orde e agardarán a que soe o timbre:

ALUMNADO QUE VAI PARA CASA → ALUMNADO QUE VAI EN AUTOBÚS ÁS 14:30h →

ALUMNADO QUE SE QUEDA NA GARDÁ DO PAVILLÓN

Exemplo:



CASA.....AUTOBÚS.....PAVILLÓN

2ª. No pavillón, agardaremos a que un membro do Equipo Directivo nos indique cando comezar a saír e os titores/especialistas acompañarán ao alumnado de casa ás portas correspondentes. O alumnado transportado en autobús, quedará na fila e esperará as instrucións do ED. O alumnado de garda permanecerá no pavillón no recadro correspondente ao seu curso.

b) Alumnado de 3ª a 6ª Ed. Primaria.

1ª.- Os titores ou especialistas que estean en clase na última sesión porán en fila (dentro da aula) aos nenos/as seguindo esta orde e agardarán a que soe o timbre:

ALUMNADO DE COMEDOR → ALUMNADO QUE VAI PARA CASA → ALUMNADO QUE VAI EN AUTOBÚS ÁS 14.30h



COMEDOR.....CASA.....AUTOBÚS

2ª. Baixaremos co alumnado e os nenos/as de comedor entrarán directamente no mesmo e despois os titores/especialistas acompañarán ao alumnado restante ao pavillón.

3ª.- No pavillón, agardaremos a que un membro do Equipo Directivo nos indique cando comezar a saír e os titores/especialistas acompañarán ao alumnado de casa ás portas correspondentes. O alumnado transportado en autobús, quedará na fila e esperará as instrucións do ED.

2. Sinalética

Polos corredores estarán sinaladas as direccións de entrada, saída e as distancias de protección que se deben manter no percorrido.

Frechas vermellas → Entrada.

Frechas verdes → Saída.

As frechas están situadas á distancia de seguridade de 1,5 m. De tal xeito que non se debería situar ningunha persoa no espazo entre elas.

3. Transporte

Nas paradas dos autobuses, os alumnos/as separaranse por grupos de convivencia.

- ⇒ Os adultos supervisores/cooperantes evitarán que os cativos xoguen a tocarse ou mesturarse.
- ⇒ Haberá que utilizar máscaras protectoras, agás o alumnado menor de 6 anos.
- ⇒ As entradas e saídas aos autobuses serán ordenadas, en orde inverso á praza asignada.
- ⇒ Os postos serán fixos.
- ⇒ A saída distribuída, con ocupación estrita dos espazos marcados para cada grupo.
- ⇒ Os alumnos/as de EP que utilizan o servizo complementario de transporte escolar, serán os primeiros en saír.

ENTRADA - 09:30				
Recorrido	Zonas	Empresa	Chegada	Actuación
RUTA - 1	Cima de Vila	Monbús	9:10	Entrada ao pavillón
RUTA - 2	Avda. de Vigo	Monbús	9:15	Entrada ao pavillón
RUTA -3	Sta. Marta	Cerqueiro	9:25	Entrar ao pavillón

SAÍDA – 14:30				
Recorrido	Zonas	Empresa	Hora	Actuación
RUTAS	Cima de Vila	Monbús	14:30	Esperar no pavillón
	Avda. de Vigo	Monbús	14:30	

SAÍDA – 15:30				
Recorrido	Zonas	Empresa	Hora	Actuación
RUTAS 1 - 2	Cima de Vila	Monbús	15:30	Pasar directamente do comedor/pavillón ao autobús por orde de entrada
	Avda. de Vigo	Monbús		
RUTA -3	Sta. Marta	Cerqueiro		

4. Vixilancias

O profesorado velará, en todo momento, pola orde dos movementos e fluxos do alumnado.

Para manter as condicións de seguridade, establécense as seguintes gardas de entradas e saídas:

CADRO GARDAS ENTRADAS E SAÍDAS E.PRIMARIA CURSO 21/22

ZONA/DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
APARCADOIRO ↓	RAQUEL A.	LARA	RAQUEL B	MARÍA	CINTIA
BUS ↓	ANA GALLEGO/CARLA	FERNANDO	MÓNICA	SARA	JOSE ANTONIO
PISTA ↓	ANA GIL	MARTA	TAMARA	REBECA	PILI
INTERIOR PAVILLÓN ↓	Mª PILAR	FÉLIX	ROMI	ENRIQUE	ANDREA

*Estas quendas de garda son rotatorias, comezando deste xeito a primeira semana de clase e pasando á seguinte zona de garda tal como e indican as frechas.

8. MEDIDAS EN RELACIÓN COAS FAMILIAS E ANPAS

1. Programa madrugadores

Nos programas de madrugadores seguirase o protocolo ordinario co engadido das prevencións en materia de consumo de alimentos e no caso dos momentos de descanso deitados coa separación, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros entre colchóns ou colchonetas, no caso de alumnado de educación primaria será obrigatorio o uso de máscara, e recoméndase o seu uso para o alumnado de educación infantil, sempre que exista boa tolerancia.

2. Actividades extraescolares

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, están condicionadas de acordo co referido no *Anexo VI*. O dito protocolo determina as medidas de prevención e protección fronte á Covid e determina con claridade as responsabilidades das persoas organizadoras ou xestoras. Asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar de realizar unha mellor trazabilidade dos contactos.

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES NOS CENTROS EDUCATIVOS SEGUNDO O ANEXO VI

- ⇒ Deben manterse os grupos de convivencia estable ou gardarse as distancias de seguridade previstas nos protocolos con carácter xeral.
- ⇒ Cómpre priorizar as actividades no exterior pero evitando igualmente aglomeracións.
- ⇒ Deberase levar rexistro das persoas que participan nestas actividades, así como o lugar que ocupan, non podendo cambiar de compañeiros/as para limitar as interaccións e facilitar a localización de posibles contactos estreitos.
- ⇒ É preciso extremar as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois da actividade.
- ⇒ Cando a actividade implique saída do centro e visita a algún lugar deberá coñecerse con antelación o protocolo COVID da instalación e deberá ser asumida e explicada ao alumnado de acordo á súa idade.
- ⇒ O número de profesorado acompañante debe ser tal que permita garantir as medidas de seguridade sanitarias nas visitas e saídas do centro educativo.
- ⇒ Pódese tomar como referencia o establecido no ROC e axustalo á situación da actividade para garantir a seguridade sanitaria: os alumnos serán acompañados polo

profesorado correspondente na proporción como mínimo dun profesor por cada unidade. Poderá un profesor acompañar máis dunha unidade sempre e cando o total de alumnos non pase os 25 ou 30, segundo sexan de educación infantil ou primaria, ou secundaria, respectivamente.

- ⇒ Cando a actividade implique uso de transporte deberán extremarse as medidas de hixiene, por suposto será obrigatorio o uso de máscara e anotarase o lugar que ocupa o alumnado que será fixo nos dos sentidos do traxecto.
- ⇒ Cando as actividades supoñan a entrada no centro de persoal alleo este deberá coñecer previamente e asumir na súa totalidade o protocolo COVID e o Plan de adaptación do centro e asinar o compromiso de realizar a enquisa de autoavaliación antes da actividade. En ningún caso acudirá se teñen síntomas de igual xeito que o persoal do centro. Tanto si se trata de actividades esporádicas como regulares o Equipo Covid estará informado en todo momento así como profesorado afectado e o PND que deba atendelo e levarase rexistro da súa presenza e interaccións.
- ⇒ Estas persoas alleas extremarán a hixiene á entrada e saída do centro, gardarán o uso de máscara e distancia de seguridade.
- ⇒ As persoas que accedan a centros de xeito regular en virtude dos convenios, tales como persoal da ONCE ou outras entidades que apoien o proceso de ensino-aprendizaxe na atención á diversidade, deberán asinar a declaración responsable que asina o alumnado, coñecer e asumir o protocolo do centro e extremar as precaucións nas súas interaccións co resto da comunidade educativa.
- ⇒ No caso de acceso ao centro de persoas alleas ao persoal deberán estar sempre acompañadas de persoal do centro.
- ⇒ Posto que en diversas actividades educativo-culturais colaboran concellos, por exemplo, en visitas guiadas (museos, etc.) ou en actividades deportivas, a partir dunha lexislación que establece o dobre uso das instalacións vinculadas aos centros, regulado mediante convenios, cada centro educativo no que teñan lugar ditas actividades trasladará ao concello de referencia este protocolo a efectos de coñecemento e coordinación das medidas preventivas.
- ⇒ Os responsables de verificar todo o procedemento serán os membros do Equipo Covid.
- ⇒ Os eventos e celebracións que terán lugar nos centros educativos realizaranse sempre que se poda ao aire libre e acorde ás mesmas condicións que os seus homólogos no ámbito comunitario.

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POR ANPAS, CONCELLOS... NOS CENTROS EDUCATIVOS SEGUNDO O ANEXO VI

- ⇒ A entidade organizadora presentará á dirección do centro dun “Plan de actividades extraescolares” conxuntamente cun plan de continxencia que será revisado polo Consello Escolar para súa aprobación. O plan de continxencia específico referirá, cando menos, os seguintes aspectos:
 - a) limpeza e desinfección das salas, estancias, baños, zonas de tránsito, mobiliario ou útiles empregados.
 - b) ventilación adecuada (antes, durante e despois)
 - c) acudir sempre que sexa posible á mesma sala, instalación, aula ou espazo
 - d) Aforo máximo por actividade
 - e) grupos de actividades extraescolares estables e rexistro diario de asistencia (evitar novos membros, interacción entre grupos, ou si é posible, cambio de monitores/as). O rexistro diario será custodiado pola entidade e poderá serlle requirido polo Equipo Covid.
- ⇒ As clases organizaranse de tal xeito que se poda facer unha saída e entrada escalonada

- e unha ventilación entre clases e, de cando menos 10 a 15 minutos por hora.
- ⇒ Respetaranse na medida do posible os grupos de idade (curso ou ciclo) ou agruparanse por idades próximas.
 - ⇒ Nas idades mais pequenas (infantil ou 1º e 2º de EP) valorarase facer grupos mais pequenos se fose necesario.
 - ⇒ Todas as medidas e pautas establecidas neste protocolo poden estar suxeitas a novas medidas establecidas polas autoridades sanitarias en función da evolución epidemiolóxica xerada pola pandemia, polo tanto son revisables para cumprir coa normativa de aplicación en cada momento.

3. Xuntanzas de ANPA e Consello Escolar

As actividades das ANPAs celebraranse preferentemente por medios telemáticos evitando en todo caso a xuntanzas que supoñan un número elevado de persoas.

4. Titorías e comunicacións coas familias

Na secretaría e na conserxería, a distancia mínima de espera e atención ao público será de **1,5 m.**

5. Normas para a realización de eventos

Mentres se manteña a situación de pandemia e a vida do centro se rexa polo establecido neste documento, non realizaremos eventos ou celebracións que impliquen a afluencia de persoas. No caso de ter que desenvolver algunha actividade entre grupos, cumpriranse estritamente as medidas de prevención:

- ⇒ Acceso con máscara.
- ⇒ Limitación de aforos.
- ⇒ Distanciamiento

9. MEDIDAS PARA O ALUMNADO TRANSPORTADO

1. Medidas respecto á utilización dos autobuses

O Consello Escolar, como órgano colexiado de goberno do Centro no que está representada toda a comunidade educativa, fomentará o acceso e a marcha do colexio camiñando.

O aforo dos autobuses de transporte escolar será o que determine o órgano competente. Inicialmente utilizaranse todas as prazas coa obriga de emprego de **máscara**. No caso de que a capacidade dos vehículos non resulte suficiente para o traslado de todo o alumnado, o criterio de prioridade é o de maior distancia de residencia ao centro educativo, tendo en conta que a administración adoptará as medidas para que o transporte se realice en condicións de seguridade.

Os/as acompañantes dos autobuses correspóndelles a vixilancia do alumnado:

- ⇒ Levarán a máscara en todo momento.
- ⇒ Ocuparán, en todo momento, o asento asignado, facendo grupos por cursos.
- ⇒ Na porta do colexio, entrarán e saíran, segundo a orde establecida: entrarán en primeiro lugar os/as alumnos/as de maior idade que, sentándose nos asentos posteriores, serán os últimos en saír.
- ⇒ Pola mañá, segundo vaian chegando os autobuses, os alumnos/as transportados irán directamente ao pavillón, en ringleiras, coa suficiente separación entre compañeiros/as e mantendo a máscara de seguridade. O alumnado de Educación Infantil, entrará na súa aula correspondente.

DISTRIBUCIÓN FIXA DO ALUMNADO EN CADA AUTOBÚS
(O ESQUEMA PODERÁ SER RESPALDADO CON FOTOGRAFÍAS)

53	52	51	50	49
48	47		46	45
44	43		42	41
40	39		38	37
36	35		34	33
32	31		30	29
			30	29
28	27		26	25
24	23		22	21
20	19		18	17
16	15		14	13
12	11		10	9
8	7		6	5
4	3		2	1

EMPRESA:	
MATRÍCULA:	
COIDADORA:	
CONDUTOR:	
TELÉFONO:	

10.MEDIDAS DE USO DE COMEDOR

1. Organización do servizo: quendas

Para atender ás medidas de seguridade, o servizo de comedor desenvolverase diariamente en dúas quendas nas que o alumnado non estará encarado e sentarase mantendo as agrupacións de aula.

- ⇒ As entradas estableceranse polo perímetro; da porta á esquerda, empezando polos máis distantes deste punto.
- ⇒ A saída, en orde inverso, respectando as mesmas quendas.
- ⇒ Os alumnos/as sentaranse de costas ás fiestras máis próximas, de tal xeito que non coincidan con ninguén en fronte.
- ⇒ As mesas están separadas, para as dúas quendas, en grupos-aula; de tal xeito que en cada agrupamento entren os alumnos/as de cada grupo:

QUENDAS / CURSOS	COMEDOR EI	COMEDOR EP
------------------	------------	------------

PRIMEIRA QUENDA	4º - 5º - 6º	1º - 2º
SEGUNDA QUENDA	BALEIRO	3º - 4º - 5º - 6º

- ⇒ Dende a súa chegada ao comedor, o alumnado non se poderá mover do sitio asignado. Ante calquera necesidade imprevista, reclamarán a atención do/a coidador/a ou profesor/a encargado, levantando a man.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

- ⇒ Antes de pasar ao comedor, e segundo vamos saíndo organizadamente das aulas, temos que lavar exhaustivamente as mans.
- ⇒ Os grupos da primeira quenda empezarán a partir das 13:15 h.
- ⇒ Nesta primeira rolda, o persoal colaborador estará composto polas 5 nais/pais e 2 profesores/as.
- ⇒ Os membros da comunidade educativa, que desinteresadamente colaboran na vixilancia do comedor, empezarán a exercer as súas funcións a partir das 12:30 h.
- ⇒ As mesas serán distribuídas, de xeito estable, entre o persoal colaborador.
- ⇒ Cando os alumnos/as cheguen aos seus postos, no comedor, as mesas estarán servidas con pan, auga e o primeiro prato.
- ⇒ No caso de existir varios pratos secuenciais recomendase o uso de máscara no período entre ambos.
- ⇒ Despois de recoller directamente das mesas aos carros, que circularán por diante de cada posto de comensal; servirase o segundo prato e a sobremesa, que virán distribuídos dende a cociña.

MEDIDAS ESPECÍFICAS

- ⇒ O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, incluíndo o período entre os distintos pratos.
- ⇒ Os postos asignados serán fixos durante todo o ano e estarán agrupados por grupos estables.
- ⇒ O rexistro dos postos establecerase mediante fotografías, co obxecto de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
- ⇒ O persoal utilizará en todo momento a máscara de protección, con independencia do mantemento da distancia de seguridade.
- ⇒ Tamén deberá realizar o cuestionario de Autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo.
- ⇒ Na medida do posible, os menús serán empratados en cociña.
- ⇒ Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado.
- ⇒ A auga será servirase en xerras, pero deberá servila sempre unha mesma persoa.
- ⇒ Na mesa non se poñerán utensilios de uso común.
- ⇒ Levarase un control diario de asistencia ao comedor.
- ⇒ Os distintos grupos de convivencia baixarán, dende as aulas ao comedor, utilizando máscara e mantendo o distanciamento entre grupos.
- ⇒ Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao lavamáns que lle corresponda para realizar a hixiene de mans.
- ⇒ Os alumnos/as están obrigados a levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala.
- ⇒ Queda eliminada a opción de cepillado de dentes, que deberá adiarse á chegada ao fogar.
- ⇒ As fiestras do comedor permanecerán abertas, na medida do posible en función das condicións climatolóxicas.
- ⇒ Cando remate a comida, o alumnado sairá por orde, segundo están sentados nas cadeiras, para agruparse en filas no pavillón (1ª quenda) ou no hall de educación Infantil (2ª quenda).
- ⇒ O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que utilicen no proceso de elaboración dos menús. Usará de forma obligatoria máscara e luvas e manterá a distancia física de seguridade establecida.
- ⇒ No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario/a durante o servizo de comedor, informarase á dirección e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia, para que se presente no centro o antes posible.
- ⇒ Ata a chegada dos familiares, illarase ao menor no espazo destinado a tal fin.

2. Persoal colaborador

O equipo de colaboradores/as é o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
NAIS / PAIS				
7 NAIS COLABORADORAS				
PROFESORES/AS				
3 PROFESORAS COLABORADORAS				
Encargada do comedor →			Ana M ^a . Gallego	
Directora →			Carla Garín Ibáñez	

3. Persoal de cociña e limpeza da mesma

O persoal de cociña, neste curso académico 2021 / 2022 é o seguinte:

Cociñeira	Josefa	Piñeiro Piñeiro
Axudante de cociña	M ^a Jesús	Martínez Barreiro
Axudante de cociña	Isabel	Álvarez del Río

Teñen a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.

Desenvolverán o seu traballo segundo o diagrama de tempos e funcións establecido.



11.MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

1. Aulas “burbulla” e espazos diferentes aos asignados aos grupos curso


4ºA EI	11	GRUPOS ESTABLES CONVIVENCIA	4ºB EI	12	GRUPOS ESTABLES CONVIVENCIA
5ºA EI	14		5ºB EI	15	
6ºA EI	18		6ºB EI	17	
1ºA EP	17	GRUPOS ESTABLES CONVIVENCIA	1ºB EP	18	GRUPOS ESTABLES CONVIVENCIA
2ºA EP	16		2ºB EP	17	
3ºA EP	20		3ºB EP	22	
4ºA EP	23		4ºB EP	22	
5ºA EP	18		5ºB EP	17	
6ºA EP	22		6ºB EP	22	

E.M.	21	A EXCEPCIÓN DOS ESPAZOS ASIGNADOS A ÁREA DE E.F. QUE SE UTILIZARÁN SEGUNDO AS ESPECIFICACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ESTA ESPECIALIDADE, OS DEMAIS ESPAZOS COMÚNS UTILIZARANSE SEGUNDO UNHA PROGRAMACIÓN DE DISTRIBUCIÓN POR DÍAS; DE TAL XEITO QUE SERÁ DESINFECTADOS DESPOIS DA SÚA UTILIZACIÓN POR UN GRUPO DE CONVIVENCIA ESTABLE.
L.E.	20	
E.F.	PAVILLÓN XIMNASIO	
P.T.	P.BAIXA	
A.L.	6	
RELIXIÓN	6	
BIBLIOTECA	7	

PLANTA BAIXA



PISTAS: ENTRADAS, SAÍDAS E PERCORRIDOS



Como xa se indicou, nas aulas ordinarias, o alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado, responsabilizándose da súa disposición na mesa para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as.

- ⇒ Na medida do posible, o material do alumnado debería estar rotulado co seu nome.
- ⇒ Non se poderá utilizar material compartido sen a previa desinfección do mesmo. Esta consideración será extensible aos rotuladores de encerado.
- ⇒ Entre unidades de organización pedagóxica e a criterio do profesor/a responsable, os/as alumnos poderán levantarse para realizar pequenos exercicios físicos que non impliquen o movemento fóra do seu posto.

1. Área de Educación Física

Os horarios están organizados para diminuír os desprazamentos do alumnado aos espazos específicos desta especialidade.

- ⇒ Aínda asistindo por grupos/clase, os exercicios serán individuais, na medida do posible.
- ⇒ Tamén se minimizará o uso de materiais que teñan que pasarse, desinfectando despois da súa manipulación.
- ⇒ O uso da máscara é obrigatorio, (especialmente no polideportivo ou ximnasio pechados con ventilación reducida), agás que a actividade sexa ao aire libre, de maneira individual, a máis de 2 m e o uso da mesma resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

2. Área de Educación Artística – Música

- ⇒ No caso de utilizar instrumentos de vento (fruta) ou nos exercicios de canto, a distancia interpersonal elevarase a 3 metros.

3. Cambios de clase

- ⇒ Como norma xeral, o alumnado non cambiará de clase, permanecerá no seu sitio durante os cambios de clase.
- ⇒ En caso de ter que trasladarse será de 1 en 1, con distancia de seguridade entre eles, sen aglomeracións coa profesora ou profesor da nova instalación.
- ⇒ Se houbera outro grupo na nova aula, agardarán a que saia por completo, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará mesas e cadeiras.

4. Acceso ás aulas de apoio educativo

- ⇒ Nestas aulas extremárase a limpeza cando os espazos sexan compartidos, por diferentes grupos, ao longo do día lectivo.
- ⇒ Tamén será obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.
- ⇒ O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia da actividade específica a desenvolver, será desinfectado ao inicio e ao remate da mesma.
- ⇒ Sempre que o profesor/a o considere oportuno, substituirase o emprego de materiais físicos por simulacións informáticas (virtuais) que, aportando o apoio conceptual, diminúan o contacto cos elementos.

5. Biblioteca

A biblioteca non se poderá usar durante este curso 2021/22 por mor de que, o noso centro, está a espera da instalación dun ascensor. Esta obra demorouse maior tempo do previsto polo que, debido ás barreiras arquitectónicas coas que contamos na actualidade, a aula de 1º B ubicarase “provisionalmente” na biblioteca do centro.

6. Utilización dos aseos

Na formación e sensibilización diaria que desenvolveremos dende as aulas, insistiremos no correcto uso dos aseos e na responsabilidade que debemos compartir á hora de solicitar a súa utilización.

- ⇒ Para ir ao aseo, debemos anotarnos na lista de usuarios/as que está colgada na parte interior da porta de cada clase.
- ⇒ Non debemos entrar no baño se, ao chegar, atopamos a un compañeiro/a dentro.
- ⇒ Pararemos na franxa que nos invita a esperar a nosa quenda.
- ⇒ Durante os recreos, nas entradas e saídas do centro haberá profesorado de garda vixiando o aforo dos aseos (non superar un terzo do aforo).
- ⇒ Deberemos lavar ben as mans á saída e desbotar o papel na papeleira.
- ⇒ Se sempre é importante a utilización responsable e coidadosa dos baños, polo ben de todos/as, nesta situación de risco infeccioso é fundamental para protexernos.
- ⇒ As persoas que necesiten ir ao baño e non teñan a condición de persoal do centro, utilizarán os aseos que están á esquerda da entrada do alumnado de EP, no corredor de acceso ao comedor.


12.MEDIDAS ESPECIAIS PARA OS RECREOS

1. Horarios e espazos dos recreos

Os recreos distribuiranse segundo a secuencia temporal e de distribución de espazos que se recolle no cadro inferior:

DISTRIBUCIÓN PATIOS EDUCACIÓN PRIMARIA - DÍAS DE CHOIVA


PAVILLÓN



1º TURNO (11.05 – 11.35)	GRUPO
ZONA A	1ªA
ZONA B	1ªB
ZONA C	2ªA
ZONA D	2ªB
ZONA E	3ªA
ZONA F	3ªB

2º TURNO (11.55 – 12.25)	GRUPO
ZONA A	4ªA
ZONA B	4ªB
ZONA C	5ªA
ZONA D	5ªB
ZONA E	6ªA
ZONA F	6ªB

DISTRIBUCIÓN PATIOS EDUCACIÓN PRIMARIA - DÍAS DE SOL



1ª QUENDA (11.05 – 11.35)

GRUPO	LUNS, MÉRCORES E VENRES ALTERNOS	MARTES, XOVES E VENRES ALTERNOS
1ªA	ZONA A	ZONA D
1ªB	ZONA B	ZONA E
2ªA	ZONA C	ZONA F
2ªB	ZONA D	ZONA A
3ªA	ZONA E	ZONA B
3ªB	ZONA F	ZONA C

2ª QUENDA (11.55 – 12.25)

GRUPO	LUNS, MÉRCORES E VENRES ALTERNOS	MARTES, XOVES E VENRES ALTERNOS
5ªA	ZONA A	ZONA D
5ªB	ZONA B	ZONA E
4ªA	ZONA C	ZONA F
4ªB	ZONA D	ZONA A
6ªA	ZONA E	ZONA B
6ªB	ZONA F	ZONA C

**O primeiro venres do curso, se fai sol, empezarán a quenda rotatoria na pista exterior os grupos do luns e mércores (1ªA, 1ªB e 2ªA)/ (5ªA, 5ªB e 4ªA).*

- ⇒ O uso da máscara será obrigatorio no recreo exterior.
- ⇒ Non se utilizarán elementos comúns de xogo, agás os asignados o grupo/clase que, nun calendario rotatorio, goce do pavillón polideportivo.
- ⇒ Segundo as condicións climatolóxicas, os recreos poderán desenvolverse nas aulas, pero priorizarase a realización no exterior; nunca nos corredores nin nos espazos comúns.

2. Vixilancias

GARDAS PATIO EDUCACIÓN INFANTIL

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª QUENDA (11.05 -11.35)	María Raquel A Enrique Fernando	Olga Cintia Enrique Mercedes	Pilar Ana F Paula PT	Paula Mercedes Cintia Sara	Pilar Ana F Olga Marta
2ª QUENDA (11.55 - 12.25)	Ana Gil Mónica Jose Antonio Andrea	Lara PT Jose Antonio Sara/Tamara	Bea Raquel C Paz Enrique	Bea Tamara Ana Gil Andrea	Raquel C Paz Mónica Cintia

GARDAS PATIO EDUCACIÓN PRIMARIA

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª QUENDA (11.05 -11.35)	Mª Pilar Pili Ana Gallego	Pili Ana Gallego Fernando	Mª Pilar Raquel A María	Ana Gallego Raquel A María	Mª Pilar Pili Fernando
2ª QUENDA (11.55 - 12.25)	Félix Rebeca Raquel B	Marta Romi Rebeca	Marta Raquel B Félix	Raquel B Rebeca Romi	Félix Romi Ana Gil

13.MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE E.I. E 1º CICLO DE E.P.

1. Previsións organizativas e metodolóxicas

EDUCACIÓN PRIMARIA					
1º - 2º - 3º					
CLASE	CLASE	RECREO	CLASE	CLASE	LECTURA+C.
9:25-10:15	10:15-11:05	11:05-11:35	11:35-12:25	12:25-13:15	13:15-14:25
4º - 5º - 6º					
CLASE	CLASE	CLASE	RECREO	CLASE	LECTURA+C.
9:25-10:15	10:15-11:05	11:05-11:55	11:55-12:25	12:25-13:15	13:15-14:25

EDUCACIÓN INFANTIL					
6ºs					
1ª Hora	2ª Hora	3ª Hora		4ª Hora	5ª Hora
CLASE	CLASE	RECREO	CLASE	CLASE	CLASE
9:25-10:15	10:15-11:05	11:05-11:35	11:35-12:25	12:25-13:15	13:15-14:25
5ºs					
1ª Hora	2ª Hora	3ª Hora		4ª Hora	5ª Hora
CLASE	CLASE	CLASE	RECREO	CLASE	CLASE
9:25-10:15	10:15-11:05	11:05-11:55	11:55-12:25	12:25-13:15	13:15-14:25

2. Proposta de actividades para o tempo de lecer

Reservarase un tempo semanal, na aula, para por en común e planificar actividades lúdicas que, decididas asemblea, se poidan desenvolver nos recreos, segundo a zona de xogo que nos toque.

14.ESPECIALIDADES

1. Previsións de uso e hixiene destes espazos

Segundo se recolle máis arriba, as aulas, tradicionalmente dedicadas ás especialidades son as seguintes:

E.M.	21	A EXCEPCIÓN DOS ESPAZOS ASIGNADOS A ÁREA DE E.F. QUE SE UTILIZARÁN SEGUNDO AS ESPECIFICACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ESTA ESPECIALIDADE, OS DEMAIS ESPAZOS COMÚNS UTILIZARANSE SEGUNDO UNHA PROGRAMACIÓN DE DISTRIBUCIÓN POR DÍAS; DE TAL XEITO QUE SERÁN DESINFECTADOS DESPOIS DA SÚA UTILIZACIÓN POR UN GRUPO DE CONVIVENCIA ESTABLE.
L.E.	20	
E.F.	PAVILLÓN XIMNASIO	
P.T.	P.BAIXA	
A.L.	6	
RELIXIÓN	6	
BIBLIOTECA	7	

EN CADA ESPAZO ESTARÁ MARCADO O NÚMERO MÁXIMO DE PERSOAS SIMULTÁNEAS ➤



15.ALUMNADO CON NEE

1. Medidas concretas de atención

No caso de alumnado con condición de vulnerable a consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia, os criterios sanitarios que rexerán a asistencia a clase ou a escolarización domiciliaria, serán os que recomende o médico ou pediatra.

O persoal coidador, que acompañe ao alumnado ao aseo, portará as proteccións axeitadas, tanto para el/ela, como para o/a menor.

- ⇒ No caso da escolarización combinada, coordinaranse as medidas de protección co centro de E.E. para facilitar a comprensión das mesmas por parte do alumno/a.
- ⇒ Os profesores/as titores/as, co apoio dos especialistas, adaptarán todas as indicacións e comunicacións dirixidas ao alumnado con necesidades educativas.

2. Persoal docente e coidador

Na atención ao alumnado on necesidades específicas que poidan condicionar a interpretación das normas COVID, recoméndase o uso de máscaras dentro e fóra da aula, dependendo da posibilidade de manter a distancia de seguridade e do pertinente informe médico.

- ⇒ Dependendo dos espazos de traballo e da atención individualizada, poderase optar pola utilización da pantallas/viseiras ou mamparas que garantan a protección individual.
- ⇒ O alumnado que necesite axuda por parte do/a coidador/a para ir ao baño, utilizará, preferentemente, o aseo de profesores que se sitúa no corredor de acceso ao comedor. Neste espazo intensificarase a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA OS NENOS E NENAS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

- 1- **NEE** - Alumnado que requira atención específicas derivadas de:
 - a. Discapacidade
 - b. Trastornos graves da conduta.
- 2- **Prevención da transmisión Covid-19.**
 - a. Uso da máscara.
 - b. Incremento da hixiene de mans.
 - c. Manter a distancia física establecida.
 - d. Potenciación da ventilación dos espazos pechados.

Medidas específicas:

- ⇒ De 3 a 6 anos, verificar a tolerancia da máscara. De non ser posible a súa utilización, prescindir do seu uso e cumprir estritamente a distancia de seguridade.
- ⇒ Recomendación de utilización de pantalla, cando os profesionais non poidan gardar a distancia de seguridade.
- ⇒ Cando se utilicen elementos educativos complementarios nas aulas específicas, procederase á ventilación posterior dos espazos e limpeza con solucións virucidas.
- ⇒ Poderanse constituír grupos colaborativos dentro dos grupos de convivencia estable.
- ⇒ Utilizar os Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación que garanten a accesibilidade comunicativa e cognitiva á información.

⇒ O D.O. elaborará un documento de adaptación específica das medidas de seguridade para o alumnado con necesidades educativas especiais.

AVALIACIÓN	RELACIÓN ALUMNADO
Tolerancia da máscara	
Síntomas particulares (patoloxías previas)	
Capacidade comunicativa da sintomatoloxía	
Autonomía: identificación das necesidades secundarias	
Sistemas alternativos / aumentativos de comunicación	

⇒ Cando sexa necesario, o alumnado con estas características será acompañado nas entradas e saídas do centro.

⇒ Nas sesións de Audición e Linguaxe, farase uso de máscaras transparentes, hixiene de mans e ventilación do espazo específico uns 10-15 minutos tras cada sesión.

⇒ Prestar especial atención á hixienización dos agarres das cadeiras de rodas ou dos medios alternativos de desprazamento.

⇒ Ante o desenvolvemento de síntomas compatibles con Covid_19 no centro educativo por parte de alumnado con NEE, seguirase o protocolo elaborado polo centro:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica.
- Levaráselle á sala de illamento.
- Contactar co/a responsable Covid-19 do centro e cos familiares do alumno/a.
- Se o alumno confinado ten unha exención para o uso de máscara, por xustificación médica, ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.
- Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid, os restantes casos agardarán, acompañados por outro traballador/a do centro, preferentemente nun lugar cuberto exterior ao edificio, ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada.
- A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

16.MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

1. Reunións de profesorado

⇒ Segundo as convocatorias efectuadas polo equipo directivo e/ou os coordinadores/as dos diferentes equipos e departamentos, desenvolveranse, preferentemente, de forma telemática.

⇒ Cando así se considere, as reunións presenciais efectuaranse no comedor, gardando as medidas de seguridade e protección establecidas.

2. Órganos colexiados do Centro

⇒ As reunións do Claustro e Consello Escolar, convocadas oportunamente a través de correo electrónico e anuncio no taboleiro, tamén se poderán desenvolverán a través de vídeo conferencia.

⇒ As convocatorias serán remitidas por medios electrónicos, facendo constar a orde do

día e, de ser o caso, un documento no que se poida expresar, para cada un dos puntos a tratar, o senso das votacións.

- ⇒ Nas sesións que se celebren a distancia, garantírase a identidade dos/as participantes, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto.
- ⇒ O voto poderá formalizarse na propia sesión de videoconferencia ou a través de correo electrónico.
- ⇒ Na entrada a cada sala haberá unha etiqueta coa especificación do aforo máximo que permita cumprir a distancia de seguridade: **1,5 m**.
- ⇒ Tamén se lembrará a necesidade de hixienizar os elementos de uso común.

ANEXOS

ANEXO 1: ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu/súa médico/a ou pediatra.

<i>Presentou nos últimos días?</i>		<i>SI</i>	<i>NON</i>
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		<i>SI</i>	<i>NON</i>
<i>CONVIVIU</i> nos últimos 10 días?	cunha persoa Covid-19 + confirmado?		

ANEXO 2: DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____, matriculado no curso _____, do centro educativo _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE COÑECE O

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 NOS CENTROS de ensino non universitario DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022

e que, polo tanto coñece a necesidade de obriga de realizar diariamente a enquisa de autoavaliación da Covid-19 ao alumno/a e a obriga de NON enviálo/a ao centro e contactar cos servizos sanitarios e seguir as súas indicacións en caso presentar cando menos un síntomas previstos. De igual xeito coñece a obriga de seguir as indicacións da autoridade sanitaria no caso de que o/a alumno/a conviva cunha persoa con diagnóstico positivo de Covid-19.

O alumno/a non poderán acudir ao centro ata que así llelo indiquen os servizos sanitarios.

A persoa afectada ou a súa familia comunicarán estas circunstancias ao Equipo Covid do centro.

En _____, a ____ de _____ de 2021.

ANEXO 3: MODELO DE CARTA DE COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

Estimada familia:

Comunicolles que se confirmou un caso/brote da Covid-19 no centro educativo ao que acode o seu fillo ou a súa filla. Ata o momento detectáronse ___ casos. O SARS- CoV-2 é un virus que se transmite principalmente de persoa a persoa a través do contacto estreito e das pingas respiratorias que se emiten ao tusir ou esberrar. Os síntomas poden aparecer ata os 14 días despois de estar en contacto cun caso. A infección pode cursar con [síntomas¹](#) respiratorios como febre, tose ou sensación de falta de aire; con síntomas inespecíficos como a alteración do gusto ou do olfacto, dores musculares, diarrea, dor torácica ou dor de cabeza entre outros; ou tamén pode cursar de forma asintomática.

Co fin de evitar a transmisión da infección a outras persoas, é necesario adoptar as seguintes medidas de prevención:

- Un **estudo de contactos** é un proceso mediante o cal se identifican e clasifican aos contactos dun caso confirmado cuns criterios establecidos polas autoridades sanitarias. **Se o/a seu/súa fillo/a é un contacto estreito, desde as autoridades sanitarias, contactarase coa familia para dar as indicacións necesarias.**
- Os **contactos estreitos** deben realizar corentena durante 14 días excepto aqueles que tivesen unha infección previa documentada cunha PCR positiva nos 6 meses previos. En caso de ser un contacto estreito é posible que nos próximos días poidan aparecer síntomas compatibles coa Covid-19, ante os cales deberán permanecer en [illamento²](#) e contactar telefonicamente co seu centro de saúde ou co teléfono de referencia da comunidade autónoma.
- O **resto da comunidade educativa**, pode seguir acudindo ao centro, extremando as medidas de precaución e vixiando a aparición de síntomas compatibles coa Covid-19. Se algunha persoa ten condicións de especial vulnerabilidade para a Covid-19 pode acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e así o permita, e mantendo medidas de protección de forma rigorosa, salvo indicación médica de non asistir.
- Se o/a menor ou algunha persoa da súa contorna próxima (outros menores ou adultos) desenvolve síntomas compatibles nos próximos días, deberá permanecer no seu domicilio e contactar telefonicamente cos servizos de saúde.

Pode atopar información sobre as medidas de corentena e illamento na [Web de información para a cidadanía sobre SARS- CoV-2 do SERGAS³](#).

Reciban un cordial saúdo,

Sinatura

1. Cuestionario de autoavaliación:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/enquisa_de_autoavaliacion.pdf

2. Illamento no domicilio de casos confirmados:

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Illamento-domicilio?idioma=ga>

3. Web do SERGAS de información para a cidadanía sobre o coronavirus:

<https://coronavirus.sergas.gal/>

Atentamente,

A dirección do centro

Versión definitiva:

Data: Cangas, 17 de setembro do 2021